

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA TC 20-2025. MODIFICACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTOS DO EXERCICIO 2025, PARA O SANEAMENTO DA RÚA CHANTADA.

Visto o expediente tramitado para a alteración do plan de investimentos - Modificación Plan de Invetimentos, TC 20-2025 para a debida xestión da obra de saneamento da Rúa Chantada, faise necesaria unha transferencia de crédito polo importe de 36.850,19 €, dentro do vixente orzamento do exercizo 2025, en base ao establecido na Base nº 11 das de Execución.

Consistindo a dita modificación na minoración na aplicación orzamentaria 17000.62200 e C.P. 25XX00017 (RCMod ref.: 47696/2025) por importe de 36.850,19 € e no aumento na aplicación 16000.60900 e C. P. 25XX00011 polo mesmo importe atendendo ás circunstancias recollidas na providencia do Excmo. Alcalde Presidente do Excmo Concello de Lugo do 15.07.2025, asinada pola adxunta do Servizo de Enxeñería, Marta Carballal Neira o mesmo día, de solicitude de tramitación de modificación do plan de investimentos do exercicio 2025, no que se indica que: *“Sendo necesario acometer as obras de Renovación da rede de saneamento na rúa Chantada, e visto o anteriormente exposto, Solicítase do Servizo de Intervención a tramitación da modificación do Plan de Invetimentos 2025, a través de transferencia de crédito, segundo o reflectido a continuación:*

APLICACIÓN ORZAMENTARIA QUE CEDE CRÉDITO *Aplicación orzamentaria 17000.62200, CP 25XX0017 Importe: 36.850,19 €*

APLICACIÓN ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA CRÉDITO *Aplicación orzamentaria 16000.60900, CP 25XX00011 Importe: Renovación da rede de saneamento na rúa Chantada 36.850,19 €”.*

Vistos igualmente os documentos e informe que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 1183/2025, do 21.07.2025

Tendo en conta que as circunstancias que se poñen de manifesto no informe do servizo de Enxeñería e dado que ditas modificacións non supoñen unha modificación orzamentaria de competencia plenaria tal e como se regula na base 11 de execución do orzamento que establece que:

*“A determinación específica dos citados proxectos e o seu financiamento virá establecida no Anexo de investimentos, con especificación do investimento que se realizará e o recurso que o financia. As alteracións no Anexo de investimentos deberán ser aprobadas polo Pleno da corporación cos mesmos requisitos que a aprobación do orzamento, **sempre que esas alteracións esixan modificacións orzamentarias de competencia plenaria**. Aos efectos do disposto neste parágrafo, non se entenderá como alteración do Anexo de investimentos a modificación da fonte de financiamento de cada proxecto específico como consecuencia da aparición de recursos financeiros propios derivados do remanente de tesourería ou do alleamento de investimentos, para o que será suficiente a acreditación de tales recursos e a súa aprobación por decreto da Alcaldía.”*

Tendo en conta á súa vez que a base 14ª das de execución do Orzamento Xeral atribúe a competencia para a aprobación dos expedientes de transferencia de crédito á Alcaldía, coa excepción dos que afecten a distintas áreas de gasto e non afecten a créditos de persoal (en aumento e diminución)

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos vía transferencia entre aplicacións da mesma área de gasto e a alteración do plan de investimentos do exercicio 2025 por un importe global de 36.850,19 €, para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>PROXECTO E PARTIDAS ORZAMENTARIA QUE CEDE CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE</u> €	<u>PROXECTO E PARTIDA ORZAMENTARIA QUE INCREMENTA CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE</u> €
25XX0017 (Refuxio de animais municipal) Aplicación orzamentaria 17000.62200	36.850,19 €	25XX00011 (Renovación das redes de saneamento) Aplicación orzamentaria 16000.60900	36.850,19 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	36.850,19 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	36.850,19 €

INTERVENCIÓN

LVP/mlv

Refª: ispac3724446953917261237.doc

Asunto: Decreto aprobación Modificación Plan de Invetimentos TC 20-2025

SEGUNDO: Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.